



**XUNTA
DE GALICIA**

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

CEP LOIS TOBÍO DE VIVEIRO

Tel/Fax : 982 E-mail cep.lois.tobio@edu.xunta.es

WEB : <http://centros.edu.xunta.es/cepluistobio/>

PLAN DE CONVIVENCIA



Colexio Lois Tobío

ADAPTADO Á NOVA LEI DA CONVIVENCIA

Logo da publicación no DOG do 15 de xullo do 2011, da lei 4/2011, cómpre unha nova redacción e actualización do Plan de convivencia do Centro.

O seu contido estará en consonancia coa PXA, co PEC e co Regulamento Orgánico das Escolas de Infantil e Primaria.

Introdución:

Esta lei 4/2011, do 30 de xuño, parte da convicción de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación.

Organización práctica da participación de tódos os membros da comunidade educativa:

1. **Consello Escolar:** é o órgano de participación dos pais/nais, titores/as legais dos alumnos/as, dos mestres/as, do persoal de administración e servizos e dos concellos na xestión do Centro, sen prexuício das funcións do claustro de mestres/as. A súa composición e funcións axustarase ao Regulamento Orgánico das Escolas de Educación infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

As reunións do consello celebraranse en día e hora que faciliten a asistencia de todos os membros.

Funcionarán dentro do Consello Escolar, cando menos, as seguintes comisións: Comisión económica, Comisión da Biblioteca e Comisión da Convivencia.

Colaborará coa Inspección Educativa nos plans de avaliación do Centro que se lle recomenden desde a Administración, sen prexuício dos procesos de avaliación interna definida no propio proxecto.

2. **Claustro de Mestres:** é o órgano propio de participación do profesorado no goberno do Centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e , se é o caso, informar sobre todos os aspectos docentes del . A súa composición e funcións axustaranse ao Regulamento Orgánico das Escolas de Educación infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

Colaborará coa Inspección Educativa nos plans de avaliación do Centro que se lle recomenden desde a Administración, sen prexuício dos procesos de avaliación interna definida no propio proxecto.

3. **Equipo directivo :** O Decreto 29/2007 regula a selección , nomeamento e cesamento de directoras/es dos Centros que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación.

4. **Órganos de coordinación docente:** Equipos de ciclo , Departamento de Orientación , Comisión de coordinación pedagóxica , Equipo de Dinamización Lingüística , Equipo de actividades complementarias e extraescolares e outros equipos dinamizadores . Cada un destes órganos terá un coordinador/a , designado pola Dirección do centro , unha vez oído o equipo correspondente . As súas competencias atópanse no título III do Decreto 374/1996 do 17 de outubro .

5. Titores :

As súas funcións están reflexadas no capítulo V , do Decreto 374/1996 polo que se establece o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e Colexios de E. Primaria.

6. Comisión Económica :

É creada no seo do consello Escolar para supervisar a xestión económica do Centro , así como preparar o Proxecto de

Orzamento anual que presentará ao Consello escolar para a súa aprobación , se procede.

7 Comisión da convivencia :

É creada no seo do Consello escolar e as súas funcións principais serán , entre outras, : a participación na dinamización do Plan de convivencia e a coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora da convivencia .

Normas de participación dos distintos sectores da comunidade educativa

A ANPA , o Concello e o persoal de servizos terán a súa canle de participación a través dos seus respectivos representantes no Consello escolar.

Fins e principios informadores das normas sobre convivencia nos centros docentes

- a- Garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación .
- b- Respetto dos dereitos e liberdades fundamentais, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e igualdade de trato e non discriminación.
- c- Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar.
- d- Recoñecemento ao profesorado das facultades precisas para previr e correxir as condutas contrarias á convivencia.
- e- A corresponsabilidade das nais e pais , titores /as no mantemento da convivencia nos centros.
- f- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores , actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- g- Avanzar no respecto e na mellora da convivencia entre toda a comunidade educativa.

h- Sensibilización dos distintos sectores sobre a importancia da convivencia.

Fins e principios informadores das normas sobre participación directa das familias no ensino e no proceso educativo

a- Participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino.

b- Regulación de procedementos de consulta e participación directa das familias:

- Reunións colectivas de cada trimestre. Na primeira , enumeraranse , de maneira verbal, as normas que rexirán no curso.
- Información por escrito ás familias, ao comezo de curso, das normas básicas de convivencia máis dos dereitos e deberes .
- Publicitar tamén , a través da web , este Plan de convivencia .

c- Mellorar a comunicación entre o profesorado e as nais /pais , titores/as para facilitar o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes:

- Titorías ordinarias semanais

Dereitos e deberes das nais e pais ou titores /as

Son titulares dos **seguintes dereitos** :

- a- A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b- A estar informado sobre o progreso da aprendizaxe e integración dos alumnos /as.
- c- A recibir información sobre as normas que regulen a convivencia no centro.

- d- A ser oídos , nos termos previstos por lei, nos procedementos disciplinarios que afecten aos alumnos /as.
- e- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos que estableza a Administración.

Así mesmo , como primeiros responsables da educación dos seus fillos /as , teñen os **seguintes deberes** :

- a.- coñecer , participar e apoiar a evolución do proceso educativo .
- b- coñecer as normas establecidas polos centros docentes , respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade do profesorado.
- c- fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d- colaborar na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia.

Dereitos e deberes do alumnado

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos da convivencia escolar , sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de Educación :

- a- A recibir unha formación integral e coeducativa nun ambiente de convivencia , liberdade e respecto mutuo.
- b- A que se respecten a súa identidade , integridade e dignidade persoais.
- c- Á protección integral contra toda agresión física ou moral , e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d- Á participación no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración , se fora o caso .
- e- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos. Tratarase de incluír no Plan de Convivencia e na PXA algún obradoiro e outras actividades sobre resolución de conflitos .

Son **deberes** básicos :

- a-** colaborar na consecución dun adecuado clima de estudo , respectando os dereiros dos compañeiros/as.
- b-** respectar ao profesorado no exercicio das súas funcións.
- c-** Respectar a liberdade de conciencia , conviccións relixiosas , igualdade de dereiros , dignidade , integridade e intimidade dos membros da comunidade educativa.
- d-** Respectar as normas de organización , convivencia e disciplina do colexio.
- e-** Facer bo uso das instalacións e materiais.
- f-** Intervir , a través das canles regulamentarias , en todo aquilo que afecte á convivencia do centro.
- g-** Seguir as directrices do profesorado
- h-** Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Dereitos e deberes do profesorado

Son dereitos do profesorado:

- a-** Ser respectado e valorado no exercicio das súas funcións .
- b-** Desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado , no que se preserve a súa integridade.
- c-** Participar e recibir a colaboración necesaria na educación integral do alumno/a.
- d-** Que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia nas clases e nos servizos complementarios e extraescolares.
- e-** Á protección xurídica adecuada ás funcións docentes.
- f-** Participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración.
- g-** Acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar .

Son deberes do profesorado :

- a- Respetar e facer respetar as normas de convivencia
- b- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia.
- c- Colaborar activamente na prevención , detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia
- d- Informar ás nais e pais ou titores sobre o proceso de aprendizaxe do alumno/a.
- e- Informar aos responsables do centro e , de ser o caso , á Administración educativa, das alteracións da convivencia.

Dereitos e deberes do persoal de Administración e de servizos

Son dereitos :

- a- Ser respectado , recibir un trato adecuado e ser valorado pola comunidade educativa.
- b- Desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado , no que se preserve a súa integridade.
- c- Participar na mellora da convivencia escolar
- d- Ter protección xurídica adecuada.
- e- Participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración.

Son deberes :

- a-Respetar e colaborar para facer que se respecten as normas de convivencia e a identidade, integridade e dignidade dos membros da comunidade.
- b- Colaborar activamente na prevención , detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia

c- Informar aos responsables do centro ou , de ser o caso , á Administración das alteracións da convivencia.

d- Gardar sxiilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

Normas Básicas de Convivencia

1- Normas xerais

- Asistir a clase con puntualidade e regularidade e saudar ao entrar e saír da aula.
- Acudir ao colexio ben limpo e aseado.
- Non pelexarse , nin empurrar na fila .
- Participar activamente nas tarefas da clase, atender e seguir as orientacións dadas polo profesor /a.
- Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da comunidade educativa : mestr@s, compañeir@s, pais, nais, ...
- Utilizar correctamente todas e cada unha das instalacións ou materiais do centro .
- Respectar o clima de traballo, sobre todo nos cambios de clase e desprazamentos polos pasillos. Non se permitirá comer nin beber na aula ; polo que deberá permanecer o bocadillo na mochila ata o recreo. Nas saídas das aulas (12:20 e 14:35 h) , cada mestre/a baixará diante do alumnado ata a porta de fóra. Restringir as saídas do alumnado fóra da aula durante o tempo de clase.
- Evitar palabras e xestos que poidan ofender .
- Coidar e compartir o material .
- Nos xogos, non excluir a ningún compañeiro/a.
- Resolver pequenos conflitos a través do diálogo, sen pelexas.
- Empregar un ton de voz suave e respectar as quendas de palabra.
- Falar con todos e todas con bos modais e respectando as diferentes opinións.
- Non traer ao centro nin teléfonos móbiles, nin mp-3 , mp- 4 , i-pods, nin outro tipo de aparellos similares.
- Cando se realicen saídas fóra do centro tampouco poderán levar ningún aparello dos mencionados no punto anterior.

- Evitar xogos violentos e non traer ao colexio obxectos perigosos: navallas, mecheiros, lázers ...
- Manter limpo o recinto escolar: aulas, pasillos, patio, ... a totalidade das dependencias exteriores e interiores.
- Durante o recreo non permanecer na aula , agás acompañados por un profesor /a. A entrada do Colexio non é un lugar adecuado para os castigos .
- Todos debemos manter unha actitude ecolóxica , facendo uso adecuado da auga, papeleiras, zonas de xogo, xardín, uso de material escolar, reciclado, ...
- Os alumnos/as non poden ausentarse do Centro sen coñecemento do mestre /a responsable nese momento nin sen ter cuberta a debida autorización.

ANEXO I

Normas básicas enviadas ás familias a principios de curso

Normas básicas de aula, patio, corredor, ...

2- Normas para uso de comedor:

- Control de alumnado : ao comezo de cada mes dáselle ao conserxe o listado de usuarios de comedor para que controle , a primeira hora da mañá, a asistencia dos mesmos á clase. Na saída de clases , antes de pasar ao comedor , a encargada do mesmo, e no espazo preparado na entrada posterior do colexio, controla a asistencia de usuarios contrastando os datos cós recollidos á primeira hora. Se se detecta a ausencia dalgún que estaba na primeira clase ,comunícase á dirección para que se adopten as medidas oportunas , asegurándose de que esa ausencia , dentro do horario lectivo, está xustificada ou autorizada.
- Antes da entrada ao comedor , o alumnado lavará as mans , colocará nos colgadoiros a roupa e depositará convenientemente as mochilas.
- Durante a comida , manterán unha actitude correcta co resto dos compañeiros e seguirán as instrucións que se dean por parte dos encargados do servizo.

3- Normas para o agrupamento do alumnado

Ao principio da escolarización aplicaranse os seguintes criterios:

1- Orde alfabética

2- Separación de alumnos/as con características singulares: irmáns, xemelgos, mellizos, etnias determinadas, condutas disruptivas previamente diagnosticadas, ... e calquera outra circunstancia que, previa valoración do Departamento de Orientación, así o aconselle.

3- Se o número de alumnos/as que optan pola materia de VSC é moi minoritario, e os recursos de mestres/as son moi escasos, tratarase de agrupar ese alumnado nunha mesma aula.

Ao longo da escolarización buscarase o equilibrio no número de alumnos por aula, distribuíndo o alumnado repetidor e/ou novo.

Se fora o caso de detectar grupos de alumnos/as que, polo feito de pertencer á mesma aula, perxudican o normal desenvolvemento das actividades lectivas, este alumnado poderá ser cambiado de grupo.

Modificacións neste punto:

Anexo II

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN

Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta , deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á administración educativa e ao Ministerio Fiscal , sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

- a- Agresións físicas ou psíquicas , inxurias e ofensas graves , ameazas e coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

- b- Actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa
- c- Actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado ou persoal da administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d- A gravación , a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra , á dignidade da persoa , a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa .
- e- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei de convivencia .
- f- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación , alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións ou materiais.,
- h- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro .
- i- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal ou a incitación a elas.
- j- Portar calquera obxecto , substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade de calquera membro. En todo caso , reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar un obxecto que estea prohibido cando é requerido polo profesorado .
- k- A reiteración , nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia .
- l- O incumprimento das sancións impostas.

Condutas leves contrarias á convivencia

- a- As condutas tipificadas nos apartados a, b, c, g, h, i, de condutas graves que non alcancen o grao de gravidade requerida no devandito precepto.

- b- Portar calquera obxecto , substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro cando non constitúa conduta gravemente prexudicial de acordo co apartado das condutas graves.
- c- A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade .
- d- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso.,
- e- Calquera outra conduta que atente contra as normas de convivencia establecidas polo centro .

Prescrición das condutas contrarias á convivencia

- a-As condutas gravemente prexudicias prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves , ao mes.
- b- O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo , salvo cando se trate dunha conduta continuada , caso no que o prazo de prescrición non se empezará a contar mentres aquela non cese.
- c- No caso das condutas gravemente prexudiciais , interromperá a prescrición a iniciación , con coñecemento do interesado /a , do procedemento para a corrección .

Medidas correctoras

Principios xerais

- a- As correccións que se apliquen terán un carácter educativo e recuperador e garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado
- b- En todo caso :
 - Ningún alumno/a pode ser privado do exercicio do dereito á educación .
 - Non se poden poñer correccións contrarias á integridade .
 - A imposición da corrección respectará a proporcionalidade coa conduta e deberá incluír a mellora do proceso educativo.

- Terase en conta a idade do alumno/a e demais circunstancias persoais, familiares e sociais.
- Para os efectos de adoptar calquera decisión sobre correccións ao alumnado (tanto en condutas graves como leves) terase en conta a ficha de seguimento de conduta que deberá rexistrar o profesorado. Nesta ficha constará , cando menos, a descrición dos feitos, o lugar , o profesor que constata a conduta e a medida adoptada , se fóra o caso.

Anexo III__ Fichas de seguimento

Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras

- 1- O departamento de Orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incurra reiteradamente en condutas disruptivas , así como para aquel alumnado que se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia como consecuencia dunha sanción.
- 2- Estes programas aplicaranse en colaboración co profesor – titor e , de ser o caso , cos Servizos sociais , e procurarán implicar o resto do profesorado e familias.
- 3- Crearanse as aulas de convivencia inclusiva , non estable e con vocación de substituír o tempo de expulsión. O funcionamento destas aulas regularase anualmente, ao comezo de cada curso , e incluírase na organización e funcionamento do centro.

Procedementos conciliados de resolución de conflitos

Por solicitude do alumno/a ou dos seus representantes legais , poderase optar por un procedemento conciliador en forma de acta que esixa un compromiso de cumprimento das accións reparadoras da conduta . Esta opción suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección , que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.

En caso de condutas tipificadas como graves e , cando o /a alumno /a teña constatadas xa outras condutas inadecuadas con cumprimento das correspondentes correccións , enténdese que non cabe este procedemento conciliador.

No procedemento, formalizado por escrito , incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora. Dende o Departamento de Orientación facilitarase formación sobre mediadores e resolución ao alumnado de sexto de primaria .

Convocarase por escrito á familia do alumno para explicar a conduta conflitiva e , dándolle audiencia ao mesmo tempo , daraselle opción ao procedemento conciliador . Levantarase acta da reunión e dos compromisos adquiridos que quedarán asinados polos implicados. Estas actas incluíranse no expediente do alumno/a

Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia

Poderán ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a- Amoestación privada ou por escrito .
- b- Comparecencia ante o / a Xefe de estudos .
- c- Realización de traballos específicos en horario lectivo .
- d- Realización , en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de ata dúas semanas.
- f- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante este tempo o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen.

h- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos . Durante este tempo deberá realizar deberes ou traballos que se determinen.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Poden ser correxidas :

- a- Realización , dentro ou fóra de horario lectivo , de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c- Cambio de grupo
- d- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante este tempo deberá realizar deberes ou traballos .
- e- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes . Durante este tempo , o alumno/a deberá realizar deberes e asistir á aula de convivencia .
- f- Cambio de centro.

Graduación das medidas correctoras

Para a graduación das medidas correctoras previstas teranse en conta os seguintes criterios :

- a- Recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e , se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 da Lei 4/2011 de convivencia.

- b- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c- A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos ou tecnolóxicos , da conduta , das súas imaxes ou da ofensa.
- d- A natureza dos prexuízos causados.
- e- O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta.

Prescrición das medidas correctoras

As medidas correctoras das condutas graves prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón .
As medidas correctoras das condutas leves prescriben aos catro meses.

Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia .

As medidas correctoras de condutas graves só se poden impoñer logo de tramitación do procedemento disciplinario correspondente :

- a- Corresponde acordar incoación do procedemento á persoa titular da Dirección do centro , por iniciativa propia , por petición motivada do profesorado ou do titor/a ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- b- A incoación notificarase á familia ou responsables legais do alumno/a , con indicación da conduta motivadora , as correccións que poden corresponder e o nome da persoa que actuará como instrutora. Así mesmo comunicarase á inspección educativa.
- c- No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento , o director /a pode adoptar motivadamente , por iniciativa propia ou por instancias do

- instructor , como medidas provisionais o cambio temporal de grupo ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades , por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase aos responsables do alumno /a.
- d- Finalizada a instrucción do procedemento , a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á nai ou pai ou titor /a , convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e do cal se estendará acta. No caso de incomparecencia inxustificada , o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais .
 - e- Realizado o trámite de audiencia , o director /a ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta e impoñerá , se é o caso, a correspondente corrección , así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 da Lei 4/2011 .
 - f- A resolución notificarase á persoa ou persoas responsables do alumno/a nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que provocaron a incoación do procedemento e comunicarse á inspección educativa.
 - g- A resolución da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva . Contra esta resolución cabe instar a revisión ante o consello escolar no prazo de 10 días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica de 2/2006, do 3 de maio.

Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia

- 1- a imposición destas medidas correctoras levaraa a cabo :
- a- Para os apartados a- b- c : o profesorado da alumna ou alumno , dando conta ao xefe / a de estudos .
 - b- Para os apartados a-b-c- d : o titor /a

c- Para os apartados a-c-d-e- f : o/a xefe/a de estudos ou director/a , oídos o alumno/a e a súa profesora ou profesor ou titor/a
d- Para os apartados g-h : o director/a , oídos o alumno/a , profesor/a ou titor/a . A imposición destas medidas comunicarase aos responsables do alumno/a antes de facelas efectivas , así como á Comisión da Convivencia.

Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores

As audiencias e comparencias dos responsables do alumnado nos procedementos disciplinarios son obrigatorias para eles , e a súa desatención reiterada e inustificada será comunicada ás autoridades competentes.

Actividades rutinarias para a prevención de conflitos e a mellora da convivencia

Para desenvolver o Plan de convivencia fórmase cada curso un equipo de mestres/as dinamizadores co fin de desenvolver actividades encamiñadas á consecución da mellora da convivencia e da calidade educativa, incidindo especialmente nos aspectos preventivos da mesma, para evitar a necesidade de adoptar medidas correctoras recollidas no actual NOF.

Este equipo elabora un plan de actuación que forma parte da PXA anual e promove e organiza a participación nas mesmas do profesorado, alumnado e familias.

Establecéronse, ademais, diversos protocolos de actuación para a protección do alumnado, profesorado e familias:

- normas para acompañamento en entradas e saídas no recinto escolar,
- recollida de alumnos en horario lectivo,

ANEXO IV__ Normas

-normas para a protección do centro (fenómenos meteorolóxicos), ...

ANEXO V___ Informe protección

Entre as actuacións que se están a desenvolver de forma reiterada cada curso no colexio , encamiñadas ao logro dunha mellora na convivencia e prevención dos conflitos destacan:

-Participación no Plan Director e Navega con Rumbo , programas de sensibilización e formación do alumnado cara os temas de acoso, ciberacoso, conflictividade, riscos nas redes,...

- Fomento e desenvolvemento dunha actuación que chamamos **intercambio de experiencias interaulas de distintos niveis**: son presentacións de diferentes temas que o alumnado prepara e expón en diferentes aulas , posibilitando un maior coñecemento dos nenos e nenas entre sí e cunha mellora na aprendizaxe e nas competencias claves.

- **Xornada dos xogos populares**, que se desenvolve no patio sobre un circuíto no que participa todo o alumnado , dirixido e coordinado por os diferentes mestres, alumnos maiores e pais/nais que, de forma voluntaria , nos acompañan e colaboran.

- **Cabalgata de Nadal**, tamén coa colaboración de toda a comunidade.

- **Día da Paz**, acto conxunto no patio con diferentes actividades arredor da temática pacifista e baixo un lema diferente en cada curso. Tamén colaboran os pais/nais .

- **Camiño de Santiago** ,actividade extraescolar desenvolvida para a promoción dun estilo de vida saudable , no que tamén nos acompañan os pais/nais que o desexan, e cada vez son máis os alumnos que participan .

- **Potenciación e organización de diversas actividades complementarias e extraescolares** que posibilitan un coñecemento do alumnado , fóra do ambiente estritamente académico.

- **Coidado e mellora do patio**, que se vai vendo transformado cada curso nun espazo máis humano, creativo, verde,...; neste ámbito, vanse creando cada máis áreas de xogo colectivo e diverso, espazos lúdicos de aprendizaxe como son o horto esclar ,o xardín meteorolóxico ou o circuíto de educación viaria.

- **Apadriñamentos entre alumnos e alumnas**, que se desenvolven en diferentes ocasións ao longo do curso e con distintos motivos: Día do libro, día da biblioteca, día da árbore e a auga,...O contrato de apadriñamento conleva ademais compromisos de axuda, protección e colaboración .
- **Intercambios interxeracionais e solidarios coa Residencia Betania e Domus Vi** : actuacións do coro do colexio, aportación de distintos materiais para o seu mercado solidario ,lecturas , dramatizacións,...

Este documento , adaptado á Lei de convivencia ,foi aprobado polo Consello Escolar na reunión ordinaria do día 08 de maio do 2012, punto número 2 da orde do día.

Vº e prce.
O director

A secretaria